



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO	CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 11/2007 Art. 30.2 y 30.3) Esta portada no forma parte del documento original en papel	 6R4Z 3W5O 5L63 1A1P 0NUU
METADATOS (TEXTO)	
Identificador	RMPE100LYG
Número/Año	28456/2016
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA
Usuario Captura/Compulsa	EFI
Interesado Principal	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
Representante	
Descripción	Solicitud General
Páginas	1 (excluyendo esta portada)
Fecha Documento	
Fecha Registro	09/12/2016 14:17:33
Fecha Captura	09/12/2016 14:17
Valor CSV	6R4Z 3W5O 5L63 1A1P 0NUU
Tipo de Firma	PADES LONG TERM
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 11/2007 Art.30.2 y 30.3)
AVISO LEGAL	FIRMA DIGITAL (HUELLA)
Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 30.2 y 30.3 de la ley 11/2007, el Esquema Nacional de Interoperabilidad, las Normas Técnicas de Interoperabilidad, el decreto 198/2010 de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, por el que se regula el desarrollo de la administración electrónica en la Xunta de Galicia y en las entidades de ella dependientes la ordenanza municipal de digitalización certificada, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad.	 CONCELLO DA CORUÑA REGISTRO MARIA PITA 09/12/2016 14:17:33 Código: RMPE100LYG Num: 28456



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.cmaot.xunta.gal
avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal

galicia

Asunto: Trámite de consultas previas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada

Nome do plan: Plan especial Labañou PE-M18

Promotor: Comisión xestora "As Percebeiras"

Órgano substantivo: Concello da Coruña

Expediente: 2016AAE1978

Código web: 1882/2016

O día 22.11.2016 recibíuse no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito en representación da Comisión xestora "As Percebeiras", co obxecto de iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, para o que achega o borrador do plan en formato dixital e un documento ambiental estratéxico en formato papel e dixital con sinatura electrónica.

O artigo 75.3.b da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que o órgano ambiental, tras validar a documentación presentada polo promotor, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.

Sendo así, solicítolle que nos traslade as observacións e suxestións que no ámbito das súas competencias e intereses estime convenientes.

Os documentos presentados polo promotor están dispoñibles na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>).

O prazo para esta consulta estará aberto dende o día 30/11/2016 ata o 30/01/2017.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de
Plans e Programas

Margarita Segade Castro

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 15180 / RX 1767709

Data: 06/12/2016 12:08:14



Concello da Coruña

Praza María Pita, 1.

15001 A Coruña



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan especial Labañou PE-M18

Promotor: Comisión xestora "As Percebeiras"

Órgano substantivo: Concello da Coruña

Expediente: 2016AAE1978

Código web: 1882/2016

O día 22.11.2016 recibíuse no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito en representación da Comisión xestora "As Percebeiras" no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial Labañou PE-M18", no concello da Coruña. Achega o borrador do plan en formato dixital e un documento ambiental estratéxico en formato papel e dixital con sinatura electrónica.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.b) da LSG sinala que será obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A LSG establece tamén que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.
- 4 Esta Secretaría Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos
- 5 A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de 2 meses**, previa á emisión do informe ambiental estratéxico, o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial Labañou PE-M18*, no concello da Coruña.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).



As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016